

TIERRA SOLA

[Tiziana Panizza, 2017]

PASE ÚNICO EN NUMAX: 16.04.2018 | V.O.

Tierra sola (2017, 107')

Dirección: Tiziana Panizza

Guión: Tiziana Panizza

Son: Claudio Vargas

Montaxe: Coti Donoso, Tiziana Panizza

Fotografía: Pablo Valdés

Produtoras: 24 Media Production Company,
AC Films, Ai Weiwei Studio (EEUU)

Distribuidora: Tiziana Panizza

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Tierra en movimiento, 2015 [curtametraxe]

74 metros cuadrados, 2011

Remitente: Una carta visual, 2008

Dear Nonna: A Film Letter, 2004

PREMIOS E FESTIVAIS

Premio NUMAX Exhibición (Márgenes 2017), Málaga 2018, Visions du Réel 2017, Valdivia 2017, Anù-rù àboro Festival Intenacional du Cinema des Peuples 2017

SINOPSE

Un investigador encontrou 32 documentais filmados na Illa de Pascua hai case un século. En todos hai imaxes dos Moai, pero apenas aparecen os seus habitantes, nese momento baixo unha colonización cruel, tratados como escravos e pechados no seu propio pobo por máis de 60 anos. Desesperados, moitos deles fugáronse en precarios botes cara a alta mar. *Tierra sola* conta esa historia e o rexistro da súa prisión actual; unha pequena comunidade custodiada por xendarmes nativos e chilenos. A onde iría un fuxitivo na illa máis remota do planeta?

“Reflexión fascinante e descarnada sobre distintas formas de illamento, as diferenzas de clase e o racismo”

Diego Batlle, OTROS CINES

**PREMIO NUMAX EXHIBICIÓN
NO VII FESTIVAL MÁRGENES 2017**



PREMIO NUMAX EXHIBICIÓN NO VII FESTIVAL MÁRGENES 2017

Polo seu traballo de arqueoloxía cinematográfica, que nos mostra como o cinema é capaz de construír a mirada colonial (vertical como se o mar erguese un muro de 6.000km.) e á vez cuestionala e propoñer unha alternativa. Pola súa combinación do rigor filolóxico e a convivencia prolongada na aproximación a unha comunidade que foi borrada polo relato dominante e o intento de restituír as historias posíbeis dun territorio e os seus habitantes. En definitiva, por contarnos doutra forma a Illa de Pascua.

A DIRECTORA

TIZIANA PANIZZA (Santiago de Chile, 1972), estudou Cinema e Documental na Escuela Internacional de Cine y Televisión en Cuba. Entre os seus filmes destacan *Dear Nonna: a film letter* (2005), *Remitente: una carta visual* (2008), *Al Final: la última carta* (2013), *Tierra en Movimiento* (2015), e *Tierra Sola* (2017). Os seus traballos foron exhibidos en FIDMarseille, Visions Du Réel, Festival de cinema latinoamericano de Toulouse, European Media Art Festival, Fidocs, Bafici, ou o Torino Film Festival. Tamén destaca no seu labor docente e investigador coas publicacións *Joris Ivens en Chile: el documental entre la poesía y la crítica* (Ed. Cuarto Propio) e *Recuperación de la Historia Fílmica en Isla de Pascua* (Ed. Pehuén Editores). Na actualidade é docente da Universidade de Chile en Cinema e Televisión.

“O etnográfico como discurso do político”

Por Mónica Delgado

Desde a textura de vello material atopado en mercados e feiras, até a nitidez do dixital como ferramentas para extraer a sensibilidade dos habitantes da Illa de Pascua, alén do estigma dos moais. Figuras pétreas e ancestrais que durante anos suplantaron a representación do rostro dos illeiros no cinema, desde o rexistro documental, fronte á necesidade de personaxes que parecen estar en constante busca de identidade.

Se en *Tierra en movimiento* (2014), Tiziana Panizza explora a certeza e á vez inconsciencia de vivir nunha zona sísmica, a través da relación histórica dos habitantes chilenos con este fenómeno natural, en *Tierra sola*, sucede unha formulación similar pero sobre a lonxanía da Illa de Pascua e o seu proceso de identidade desde esta problemática espacial.

Para Panizza tanto un suceso natural como o illamento que produce vivir nunha illa ubicada a 4.000 quilómetros do continente americano vólvense en determinantes das condicións de vida, para o cal utiliza a metáfora da prisión, que é á vez gráfica desde o seguemento aos sucesos da cadea local. Cadea e illa deveñen no mesmo? *Tierra sola* responde aos poucos este interrogante.

Usando material encontrado en Súper-8, como fragmentos de diversos filmes sobre a illa, así como de diversos materiais fonográficos, a cineasta vai configurando o sentido común do

que é esta insua para un imaxinario do mítico, pero tamén do turístico, onde se cuestionan os dispositivos da mirada etnográfica.

O máis interesante de *Tierra Sola* non está en mostrar unha mirada contemporánea sobre aqueles que habitan a illa, senón na digresión con algúns preceptos anacrónicos do cinema etnográfico, e máis ben a través das súas diversas tomas vai construíndo un novo sentido, onde o ollo que mira se volve parte desta análise e rexistro dos comportamentos e accións humanas. Panizza asume o etnográfico tamén como construción ou discurso do político e non só como mera imaxe libre das decisións estilísticas do ollo que filma. Precisamente a resposta de se se está ou non a vivir nunha cadea axuda a resolver esta exploración desde as mesmas imaxes.

O filme está poboado de reflexións, que aparecen en intertextos sobre as tomas, que cun ton epistolar brindan a cota íntima ou biográfica desta viaxe polo Pacífico, e que Panizza absorbe como unha afirmación no medio dunha illa que se libera doutras formas.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org